

A importancia dos fenómenos de recepción para o impacto social do texto literario. Dous casos paradigmáticos da literatura galega: Rosalía de Castro e Otero Pedrayo

María López Sánchez

Universidade de Santiago de Compostela

### **Resumen**

En este artículo se pretende analizar la importancia de los fenómenos de recepción para el impacto social de un texto literario. La popularidad de un autor, los índices de lectura, son, sin duda, un factor clave para medir este impacto, pero esto no invalida el hecho de que una recepción indirecta a través de vías no estrictamente literarias (musicalizaciones, reproducciones plásticas, “sacralización” de ciertos textos por convertirse en letra de himnos, etc.) pueda llevar a un grado semejante de centralidad cultural, lo que demuestra que otros factores, fundamentalmente institucionales, deben ser tenidos en cuenta a la hora de enfrentarse a la dimensión performativa de un texto literario. Hemos tomado dos casos de la literatura gallega, Rosalía de Castro y Ramón Otero Pedrayo, para ilustrar cómo dos autores con perfiles de recepción muy distintos y casi contrapuestos pueden compartir un lugar de primer orden en la conformación de la identidad y el imaginario social.

### **Palabras clave/ Keywords**

Recepción, imaginario social, Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo, pragmática, intertextualidad, literaturas minorizadas.

Reception, social imaginary, Rosalía de Castro, Ramón Otero Pedrayo, Pragmatics, intertextuality, Third World Literature.

Calquera achega ao feito literario desde a perspectiva da súa influencia social, calquera consideración da literatura como actividade cultural con relevancia para a institución da sociedade, debe enfrentarse, de xeito inevitábel, cos fenómenos de recepción. A énfase neste aspecto remóntase, cando menos, á década dos anos 60 do século XX e entronca mesmo coa antiga retórica, pero outros factores da comunicación literaria, estreitamente vencellados a el, tales como o mercado ou a propia institución (crítica, escola), revélanse tamén como decisivos para unha análise que vaia máis alá dos formalismos e intente dar conta do poder performativo dos textos literarios.

Cando falamos de literaturas minorizadas, inmersas nun proceso de definición ou construción identitaria, esta cuestión adquire unha serie de matices. Sen caermos nos excesos da

formulación da teoría da “alegoría nacional” de Fredric Jameson (1986), o que si resulta indiscutíbel é que nestes ámbitos a literatura constituíu unha das ferramentas esenciais do proceso de construción nacional. Agora ben, se se pretendesen fixar a priori as condicións que converterían un texto en texto fundacional; é dicir, as características que lle outorgarían un papel fulcral na conformación da identidade, os fenómenos ligados á recepción virían a ocupar un primeiro plano. Nese estado apriorístico, poderíase pensar que a popularidade do texto sería unha condición imprescindíbel, mais a análise concreta destes fenómenos revela unha maior complexidade. Por iso nos propoñemos analizar dous casos da literatura galega, os de Rosalía de Castro e Ramón Otero Pedrayo, que, malia compartiren a centralidade no tocante ao seu valor instaurativo e identitario, difiren substancialmente, mesmo ata a antítese, no que se refire aos modos de recepción e á relación pragmática que a comunidade lectora estableceu cos seus textos.

### **O valor fundacional de Rosalía: un caso extremo de recepción popular**

Rosalía exemplifica, de modo paradigmático, o perfil dunha autora que chega a calar fondamente no sentir popular. *Cantares gallegos* (1863), obra fundacional do Rexurdimento galego, é popular por concepción e temática, por estilo e raizame antropolóxico. A propia autora experimentou un proceso mitificador que levou á súa identificación con Galicia. Carlos Baliñas Fernández (1987: 47), un crítico especialmente atento aos fenómenos de recepción e aos factores que favorecen ou dificultan a popularidade dun autor, formulou a cuestión das causas que puideron propiciar o nexo simbólico que identifica a Rosalía e a súa obra coa esencia de Galicia: “Compre, pois, descubrir como se conseguiu mesmamente que nela, e case exclusivamente nela, se vise o símbolo dos temas galegos: da saudade, da choiva, da paisaxe verde e melancólica”. Un dos aspectos que nos interesa deste traballo é que descarta a explicación máis simple —a máis frecuente tamén—; é dicir, a que atribúe a imposición das súas propostas representativas á correspondencia cunha verdade esencial, co *auténtico ser de Galicia*. Por iso a súa indagación se formula en termos que se achegan máis á unha exploración das causas que implica todos os elementos do sistema literario e cultural:

Habería que investigar quen aconsellou que se fixese tal edición, quen reuniu os artigos para cada número monográfico de revista, quen estimulou a un crítico a lela e quen argallou este homenaxe ou aquel recital. Os libros non nacen nas librerías espontaneamente como no abril as flores na camposa. Valen, pero non abundan como explicacións, todo eso de que nela *encarnou* a alma galega, que nos seus versos *late* eso que albiscamos na néboa, no chover mainiño, no piñeiral mesto. Para aceptar estas como explicacións suficientes compriría crer nunha anxélica casualidade mística como é “encarnación”, metáfora collida evidentemente do anuncio do ánxel a María (Baliñas, 1987: 47).

Xa un ano antes, nas *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Carlos Baliñas (1986: 174) sinalaba a importancia de detectar os factores que manifestan, ao tempo que contribuíron a crear, a popularidade da autora: “compre detecta-los procedementos que, nunha continua retroalimentación (*feed-back*), manifestan e contribúen a reforzar esa que, nunha acepción ou outra, chamamos ‘popularidade’ dun escritor”. Entre estes factores concédelle unha especial importancia ao papel de actos e cerimonia, veladas literarias, crónicas de prensa, literatura “de evocación” sobre Rosalía<sup>1</sup>, ás composicións musicais sobre textos rosaliáns e ao material icónico que conforman os monumentos públicos ou os retratos. A importancia de Rosalía plásmase mesmo no plano institucional, coa fundación do Patronato, a Casa-Museo, unha ruta rosaliá, etc. A inmensa bibliografía crítica<sup>2</sup> —parcialmente compilada ata o ano 1990 nunha obra en tres volumes de Aurora López e Andrés Pociña (1991-1993)— testemuña tamén a contribución da institución literaria ao asentamento da figura de Rosalía. Cando estes autores preparan en 1992 a edición crítica de *Cantares gallegos* para a editorial Sotelo Blanco, recollen na introdución referencias a vinteito edicións previas da obra, que non deixaron desde entón de aumentar.

Esta enorme proliferación ten sido explicada a partir dunha especial capacidade para identificarse coa voz do pobo e servirlle de canle expresiva, mais esta explicación é, obviamente, máis poética que rigorosa. O sentimento de identificación non é tanto a causa da popularidade da autora como unha consecuencia desta. A raíz da popularidade e da presenza ubicua da obra habería que buscala, daquela, noutro lugar; por exemplo no feito de que achou múltiples espazos sociais e discursivos que lle serviron de caixa de resonancia, pois desde múltiples intereses, mesmo desde o discurso dominante, houbo unha apropiación da figura e a obra de Rosalía, malia o carácter evidentemente subversivo da súa creación poética.

O carácter fundacional de Rosalía no Rexurdimento galego, a súa explícita vontade dignificadora —posta de manifesto nos limiares dos seus poemarios galegos—, o seu discurso oposicional fronte a castela en poemas como “Castellanos de Castilla” ou as acusacións dos intereses foráneos nas talas de bosques que denuncia en *En las orillas del Sar* xustifican sobradamente a querencia que pola autora tiveron os sectores galeguistas e nacionalistas, polo que non nos deteremos máis en xustificala. O que require unha análise máis vagarosa é o feito de que, simultaneamente, o discurso dominante asumise parte do pensamento rosalián, desenvolvendo unha serie de estratexias, como a folclorización<sup>3</sup>, que contribuíron a desartellar a

---

<sup>1</sup> Xesús Alonso Montero (1985) editou unha compilación de case cincuenta composicións nas que Rosalía é o núcleo poético. Na bibliografía rosaliá elaborada por Aurora López e Andrés Pociña (1991-1993) recóllense referencias de centos de pezas poéticas e en prosa inspiradas en Rosalía. O poemario *Rosalía no espello* de Helena Villar Janeiro (1985) ten en todos os seus poemas a Rosalía como fonte de inspiración e punto de partida.

<sup>2</sup> A análise da figura rosaliá trascende ademais amplamente o estudo da obra e abrangue a biografía, especialmente no que atinxe ás circunstancias do seu nacemento, fonte de numerosos estudos e especulacións (Álvarez Ruiz de Ojeda, 1999).

<sup>3</sup> A conciencia do funcionamento ideolóxico desta potenciación da visión folclórica da obra maniféstase por exemplo nas seguintes palabras de María do Carmo Henríquez Salido (1986: 179), pronunciadas no marco do congreso que

dimensión reivindicativa e política de *Cantares gallegos*, a obra de maior sona no seu tempo<sup>4</sup> e que, como sinala Carvalho Calero (1952: 27), recibiu o “*placet académico*”: “Aprobaron a poesía dos cantares, chea de feminidade e diminutivos”. A feminidade á que aquí se alude, a propia condición de muller de Rosalía e a presenza na súa obra de certos atributos do patrón social do feminino serviron, nesta mesma liña, para que a conversión de Rosalía en símbolo de Galicia axudase a proxectar sobre o noso pobo connotacións tales como a pasividade, a resignación ou o sometemento, pouco propicias para a activación ideolóxica. De feito, na súa outra dimensión poética, a intimista e “existencial”, acentuáronse as connotacións pesimistas e anguriadas, que foron tamén, así, proxectadas sobre a identidade galega. Neste sentido maniféstase Jacinto do Prado Coelho (1952: 61):

Há uma ideia feita a respeito de Rosalía que prejudica, a meu ver, a total compreensão da sua obra: filha da Galiza, terra, por definição, de névoa e morrinha, de emigrantes e humilhados, Rosalía seria apenas a encarnação da Nostalgia, exiliada neste mundo, cuja tristeza tornaria baças e desgrenhadas todas as imagens da Natureza circunstante (...) Quer dizer: tende-se a reduzir a obra de Rosalía ao nocturno, ao atribulado, ao indefinido, à ansiedade céltica, à melancolia romântica.

Existen, polo tanto, dúas vías fundamentais de achegamento á obra rosaliá, cada unha delas marcada por unha estratexia ideolóxica distinta. Esta dicotomía ten sido xa sinalada en múltiples ocasións. O punto crucial do enfrontamento reside na discusión arredor da propia postura ideolóxica de Rosalía e, por iso, mentres uns insisten en que cualificala de nacionalista é anacrónico nun momento no que o nacionalismo galego non estaba artellado como tal, outros denuncian que a dimensión ideolóxica, fortemente afirmada nos prólogos, quedou reducida na visión da autora que se impuxo oficialmente. A intención autorial, ese aspecto relegado pola crítica estilística e fortemente reivindicado pola pragmática, convírtese neste caso no elemento central do debate crítico e na estratexia elemental da apropiación.

Este enfrontamento ideolóxico deu lugar, respecto a Rosalía —e, a través dela, tamén respecto a Galicia— a un debate arredor das cuestións da mitificación e mais a desmitificación<sup>5</sup>: “o mito arrodea Rosalía como se un halo for” (Wilcox, 1999: 465). Carvalho Calero (1979) formulou moi claramente a cuestión: “Agora ben: un mito é tamén unha realidade, e hai que rexistrala (...) E os mitos, os verdadeiros mitos, son un ben cultural colectivo (...) Quérase ou non, o pobo galego mitificou a Rosalía, fíxoa símbolo da alma colectiva, rendélle un culto espontáneo. E esto non é, naturalmente, arbitrario. Cando sulñamos hipostatización de Galicia en Rosalía, sinalamos simplemente un feito” (Carvalho Calero, 1979: 203). O mesmo rexeitamento da

---

comemorou o centenario da morte: “O motivo de termos seleccionados estes versos (...) foi, singelamente, para que no presente Congreso, Rosalía nom ficasse reducida a umha escritora ‘do coração’, ‘folclorista’, ‘com audácias métricas ou estilísticas’, etc”.

<sup>4</sup> “*Follas novas* and *En las orillas del Sar* received little attention in Rosalía’s time and for many years thereafter. Her reputation as a regionalist and the fame of *Cantares gallegos* overshadowed her more intimate and original works” (Kulp-Hill, 1977: 130).

<sup>5</sup> “[A] pesar do falseamento con que se nos ensinou desde posicionamentos pseudogalegos e reaccionarios (chorona, nai, santiña...), Rosalía de Castro segue sendo un mito fresco e vivo na moderna historia, e non só literaria, de Galicia” (Angueira, 1995: 16).

actitude desmitificadora atópase en Domingo García-Sabell (1985: 137-138): “Rosalía, símbolo dos galegos, fundou o mito. Foi ela o seu propio e específico mito (...) E, nesas circunstancias, o mito xa posee outra significación na que non pode entra-la coitelada demagóxica da desmitificación”.

O resultado destes procesos é que Rosalía acadou, como figura literaria e como mito identitario, o grao máximo de popularidade, de proliferación textual e visibilidade cultural, que foi obxecto de musicalizacións e que o seu rostro, decote superposto ao mapa de Galicia, foi multiplemente reproducido en diversos soportes icónicos. Converteuse nun caso extremo de popularidade e recepción masiva. Non hai galego que, por vías directas ou indirectas, non coñeza algúns versos rosaliáns e, ao mesmo tempo, trátase da figura literaria de meirande proxección exterior. Todo isto xustifica, polo tanto, o seu papel conformador no imaxinario e a identidade galegas; mais, como veremos, hai outros vieiros que, desde un xeito moi distinto de recepción da obra dun autor, conducen a un punto semellante de centralidade cultural.

### **Otero Pedrayo: un autor elitista e intelectual**

Ao achegármonos á obra de Otero Pedrayo, faise evidente o contraste fronte ao carácter popular e a recepción masiva da obra rosaliá. Carme Fernández Pérez-Sanjulián (2003: 20-24) sintetizou nun conxunto de nove “tópicos” as ideas dominantes nos traballos críticos sobre a obra de Otero Pedrayo, moitos dos cales contribuíron a minimizar o seu impacto e a limitar a súa difusión. Neste sentido, cómpre destacar a idea repetidamente sinalada da dificultade da súa lectura, a organización algo caótica do material narrativo, o descoido formal derivado dunha tendencia á dispersión e á torrencialidade da prosa ou a excesiva presenza da erudición, do didactismo e dos elementos ideolóxicos<sup>6</sup>. Sen entrarmos a valorar se nos atopamos, total ou parcialmente, perante unha caracterización axeitada da obra do escritor galego ou se, tal como defende a autora que estamos a citar, cómpre desmontar estes “prexuízos hoxe actuantes”, o certo é que en calquera dos casos estes trazos, reais ou impostos polo discurso crítico, condicionaron o estudo e a difusión do seu labor creativo.

Hai, de feito, unha certa unanimidade crítica na percepción destes fenómenos. Xa anos antes do traballo citado anteriormente, Carlos Baliñas (1978-80: 45) afirmara que a literatura de Pedrayo “non foi, non podía ser, popular” polo que el designa como “os costes dun estilo”. Na mesma liña, Carvalho Calero (1977: 136), dun xeito moi expresivo, tiña sinalado que “a Otero non se

---

<sup>6</sup> Sinalamos aquí exclusivamente os trazos dos que nos parece indiscutíbel o potencial limitador da difusión da obra, pero o resto dos “tópicos” sinalados pola autora podería ter tamén este efecto disuasorio, cando menos para determinado tipo de público: a saudade como tema fundamental da obra, o lirismo como elemento definidor, o tradicionalismo...

lle pode ler como a *Asterix*”. Xosé Ramón Quintana e Marcos valcárcel (1988: 11) enumeraron un conxunto de factores que limitaron o coñecemento e a divulgación da obra de Otero Pedrayo:

A dispersión da súa densa, variada e prolixa produción, con edicións esgotadas hai anos ou ciscada ó longo de distintos medios periodísticos; a complexidade que, en xeral, presenta a súa obra; o propio brillo do Otero-home que, como se ten dito, chegou a escurecer ó Otero-escritor; a perda da memoria histórica colectiva motivada por demasiados anos de anemia cultural; certas actitudes patrimonialistas da cultura galega que non fixeron o necesario fincapé para dar a coñecelo; o seu esquecemento por algunhas “vangardas” máis loubadoras doutros autores máis directamente utilizables na acción política pre e posdemocrática; son, entre outras, algunhas das causas que fixeron que o nome de Otero Pedrayo se reducira, no mellor dos casos, a unha invocación puramente superficial.

Trátase, daquela, dun autor de estilo cultista, o cal impide o grao de popularidade extrema que acadou Rosalía; mais, como veremos, opera sobre el unha selección do destinatario marcada polo compromiso nacionalista que permitirá unha importante proliferación indirecta. A caracterización culturalista do seu destinatario intencional é un elemento pragmático importante do funcionamento performativo da súa obra, pois hai un camiño secundario mediante o cal unha obra pouco popular pode ter unha importancia decisiva no imaxinario territorial, a través da vía secundaria da intertextualidade: Carlos Baliñas detense nas consecuencias pragmáticas do estilo oterían e traza un perfil preciso de lector que, sen ser masivo, está marcado por un compromiso ideolóxico que leva apareladas cualidades como o “entusiasmo”, a “tensión emocional” e a “movilización cívica”:

O crítico literario que, neses casos devanditos, ve un defecto de tino por parte do autor —unha mistura de dous estilos de novela— razona ben desde o punto de vista dun lector neutral. O que ocorre é que o lector de obras como ésta ten que comprometerse tamén el coa óptica do autor. Polo demáis, este tiña motivos para esperalo así. ¿Quen, daquela e aínda hoxe, lía novelas tales en lingua galega que non se sentise “galeguista”? (...) [L]oxicamente, non serán os eunucos os máis capacitados para ler páxinas eróticas. Autores como o que estamos a comentar piden lectores en alta tensión emocional, con forte capacidade de entusiasmo, lectores aos que non se lles ocorra daquela poñerse a sacudir un lixo ou contar as palabras da páxina. O que autores así tencionan non é campar nin ter éxito de público, senón compartir unha emoción e mobilizar ánimos cara uns ideais cívicos (Baliñas, 1978-80: 41).

Por iso, malia o número necesariamente limitado dos lectores directos, unha obra como *Arredor de si* pode ser cualificada plenamente de novela fundacional, utilizando o concepto tal e como o aplicou Fernández Pérez-Sanjulián (2003: 35) á narrativa de Otero Pedrayo ao considerar novelas fundacionais aquelas que presentan un proxecto de construción da nación e lexitiman unha nación emerxente. O valor instituínste da novela está fortemente ligado ao seu lugar no canon, apuntalado en grande medida sobre a afirmación de Vicente Risco (1933) de que *Arredor de si* reflectía a aventura espiritual de toda a súa xeración<sup>7</sup>. A atribución desta

---

<sup>7</sup> Esta idea pasou de maneira recorrente á crítica, en ocasións matizada para sinalar que a correspondencia se produce ante todo co propio Otero e que hai aspectos non xeneralizábeis: “En *Arredor de si* fai o retrato da súa xeración literaria. Na figura de Adrián Solovio, o protagonista da novela, reúne as características que lles son comúns aos homes do ‘Grupo Nós’ na evolución cara ao galeguismo e sobre todo retrátase a si mesmo nesa loita por conseguir

representatividade respecto á historia literaria e cultural de Galicia explica a consecución de marcadores máis altos en parámetros de número de edicións (Quintana e Valcárcel, 1988: 174) ou de difusión e inclusión en programas de ensino medio respecto a outras novelas do autor, malia pertencer ao ciclo de novelas culturalistas<sup>8</sup>. Pero este carácter erudito non impediu que, neste caso, o texto tivese un papel sobranceiro no conxunto da creación literaria de Otero Pedrayo:

Compartindo honores con *Os camiños da vida*, sen dúbida, a novela máis famosa de Otero Pedrayo é *Arredor de si*, que sinala, polo demáis, un fito na historia da literatura galega. Publicada pola editorial Nós en 1930, cando o autor contaba xa con corenta e dous anos, é tamén a que ten corrido mellor sorte editorial, e á que se lle ten prestado maior atención crítica. De tódalas súas novelas, é a preferida (Quintana e Valcárcel, 1988: 174).

*Arredor de si*, en concreto, sería unha excelente novela en calquera literatura, resiste a comparanza con outra calquera dentro do mesmo tipo noutras linguas (Baliñas, 1978-80: 54).

Malia que a popularidade dos textos oteríans non resiste en modo ningún a comparación coa dos rosaliáns, a proximidade entre ambos é moito maior se nos centramos nas clases intelectuais. Entre estas, ademais, en vida do autor, Otero Pedrayo exerceu unha notábel influencia a través da súa faceta de orador. O propio Carvalho Calero fixera en 1958 a seguinte avaliación do poder instaurador da obra do escritor ourensán, das súas débedas co pasado e da súa proxección de futuro:

Porque ninguén dubidará que denantes dil non existía unha interpretación suficientemente unitaria e coherente da nosa terra e do seu espírito. Inicialmente non era posible. Os tempos non tiñan chegado á súa plenitude. Foi posibre con Otero. Pero non sendo Otero simplemente o afortunado artífice que chega no momento oportuno para ordear e dar a derradeira man aos materiais xa practicamente completos aunque non coordinados. Non. A débeda de Otero para co pasado neste aspecto, é moi pequena en comparanza co creto por il conquerido para co futuro. O paso foi definitivo (...) Galicia xa non é só un sentimento; é tamén unha idea. Temos xa unha visión, unha teoría de Galicia (Carvalho Calero, 1958: 34).

A referencia ao “sentimento” de Galicia como expresión do que existía antes da formalización teórica e a estruturación coherente da visión de Galicia que se lle atribúe a Otero Pedrayo evoca necesariamente a figura de Rosalía. Fronte ao preexistente, pois, corresponderíalle unha maior formalización, un apuntalamento intelectual e teórico da visión de Galicia. Otero Pedrayo completou a construción do imaxinario territorial e cultural cunha formulación orientada ás clases intelectuais<sup>9</sup>.

---

unha personalidade definida” (Rodríguez Gómez, 1984: 12); “[O] texto que en amplos círculos se ten pola biografía ficcionada e espiritual da Xeración Nós: o *Arredor de si* de Otero Pedrayo” (Patterson, 2004: 68).

<sup>8</sup> Con todo, o mesmo Casares (1981: 303) que sente o pulo do mellor Otero nas súas narracións realistas, reconece a maior perfección estrutural das culturalistas, feito que explica porque a forte tendencia culturalista de Otero Pedrayo o levaba á digresión constante naquelas novelas nas que esta non era xa, de seu, a nota dominante.

<sup>9</sup> Este elitismo intelectual da formulación de Otero acha expresión literaria no seu gusto polas clases fidalgas, por máis que propoña a súa rexeneración en contacto co pobo: “Otero parece crer que uma das forzas históricas da Galiza, a fidalguia de sangue, não está ainda perdida, com a condição de se robustecer ao contacto da generosa seiva popular. A tese é discutível no terreno das realidades políticas e sociais; mas, no seu aspecto propriamente literário,

## Conclusións

Toda retórica das masas, como a que constitúen os actuais estudos sobre a publicidade, céntrase na recepción e na función fática, no mantemento do intercambio comunicativo, na chegada da mensaxe ao receptor como condición necesaria para a efectividade do discurso. Mais esta recepción non ten por que ser primaria e directa. Existen factores multiplicadores, auténticas caixas de resonancia que amplifican e fan proliferar a mensaxe, que chega, por diversas canles, ao receptor, en quen exerce finalmente a súa dimensión e finalidade performativa. Nas literaturas minorizadas os fenómenos de recepción e o funcionamento do mercado están máis intimamente ligados ás actividades da institución do que xa o están en calquera situación hipoteticamente normalizada. Esta é a cuestión que se pon enriba da mesa cando se fala dunha excesiva dependencia do sistema educativo, dos premios ou das subvencións. Sen entrarmos agora a avaliar a cuestión nin as posibilidades alternativas, este funcionamento condiciona o impacto social exercido por un texto ou un autor, desligándoo en grande medida da súa maior ou menor popularidade. Otero Pedrayo non é o único caso na literatura galega no que un autor pouco lido entre o común da poboación non especializada acadou un papel central na construción do discurso identitario, de xeito que os seus textos, as súas propostas, acabaron tendo visibilidade cultural malia o carácter limitado da recepción primaria. O mesmo aconteceu, por exemplo, coa figura de Eduardo Pondal, autor tamén cultista e afastado do grande público. A súa canonización, que atinxiu a expresión máxima na institucionalización da letra do Himno galego en 1907 a partir dun dos poemas de *Queixumes dos pinos*, é proba da capacidade dos factores institucionais para incidir na visibilidade cultural e o impacto social dun texto literario.

---

não se pode negar que ela invade a obra do escritor e é um dos seus temas fundamentais. A ela se devem as suas melhores páginas de romanesco, e o perfume antigo, de rosa desfolhada, dalguns ambientes criados pela sua imaginação” (Rodrigues Lapa, 1958: 77).



## **BIBLIOGRAFÍA:**

- Alonso Montero, X. (ed.) (1985). *Coroa poética para Rosalía de Castro*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (1999). “Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a incluída de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro”, *A Trabe de ouro X*, xullo-setembro 1999: 325-351.
- Angueira Viturro, A. (1995). *De Rosalía a Dieste. 33 anos das Letras*. Vigo: Xerais.
- Baliñas Fernández, C. (1986). “A recepción popular de Rosalía”, *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo III*, Universidade de Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega: 163-177.
- Baliñas Fernández, C. (1987). *Rosalía de Castro. Entre a poesía e a política*. Vigo: Patronato Rosalía de Castro.
- Baliñas Fernández, C. (1978-80). “Otero Pedrayo, intelectual”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXI: 25-94.
- Carvalho Calero, R. (1952). “Arredor de Rosalía”, en *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia: 17-39.
- Carvalho Calero, R. (1958). “Ramón, príncipe de Aquitania”, en *VVAA (1958b). Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia: 27-45.
- Carvalho Calero, R. (1977). “Otero Pedrayo: unha visión de Galicia”, *Grial* nº 56, abril-xuño 1977: 133-141.
- Carvalho Calero, R. (1979). *Estudios Rosalíanos: Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Casares Mouriño, C. (1981). *Vida e obra de Otero Pedrayo*, en *Conciencia de Galicia. Risco, Otero, Curros. Tres biografías*. Vigo: Galaxia, 2004.
- Castro, Rosalía de (1863). *Poesía completa en galego*, edición de B. Varela Jácome. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1980.
- Castro, Rosalía de (1884). *En las orillas del Sar*, edición de X. Alonso Montero. Madrid: Cátedra, 1985.
- Fernández Pérez-Sanjulián, C. (2003). *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.
- García-Sabell, D. (1985). “Rosalía, máis alá dela mesma”, en *Arredor do centenario de Rosalía 1985*. Padrón: Patronato Rosalía de Castro.

- Henríquez Salido, M. do C. (1986). “Umha lectura sociolinguística dos versos “Probe Galícia, nom debes / chamar-te nunca espanhola, / que Espanha de ti se olvida”, *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo II*, Universidade de Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega: 173-181.
- Jameson, F. (1986). “Third-World Literature in an Era of Multinational Capitalism”, trad. ao galego “A literatura do terceiro mundo na era do capitalismo multinacional”. *A Trabe de Ouro*: 13, 1993: 11-31.
- Kulp-Hill, K. (1977). *Rosalía de Castro*. Boston: Twayne Publishers.
- Patterson, C. (2004). “O diálogo diferencialista entre Nós e o 98”, *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2004*: 66-85.
- Pociña, A. e A. López (1991-1993). *Rosalía de Castro: Documentación biográfica y bibliografía crítica: 1837-1990*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Prado Coelho, J. (1952). “O Clássico e o Prazenteiro em rosalía”, en *7 ensayos sobre Rosalía*. Vigo: Galaxia: 59-68.
- Quintana, X. R. e M. Valcárcel (1988). *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*. Vigo: Ir Indo.
- Risco, V. (1933). “Nós os inadaptados”, en Risco, V. (1961). *Leria*. Vigo: Galaxia: 1990: 35-68.
- Rodrigues Lapa, M. (1958). “A idea da comunhão em Otero Pedrayo”, en VVAA (1958b). *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Editorial Galaxia: 73-78.
- Rodríguez Gómez, L. (1984). Introducción a *Arredor de si*. Vigo: Galaxia: 7-18.
- Villar Janeiro, H. (1985). *Rosalía no espello*. Santiago: Patronato Rosalía de Castro.
- Wilcox, J. C. (1999). “Rosalía de Castro”, *A Trabe de ouro X*, outubro-decembro 1999: 443-472.